

CERTIFICADO

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo, agás erro ou omisión involuntaria,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno do Concello de Rianxo, na sesión ordinaria do 15.05.2025, aprobou o seguinte ACORDO:

6 XUV25_ PLAN MADRUGA VERÁN 2025 APROBAR PREZO PÚBLICOS PARA O SERVIZO DE CONCILIACIÓN PLAN MADRUGA VERAÑ 2025

A presidencia da conta da seguinte proposta que a continuación se transcribe:

Co ánimo de favorecer que os nenos e nenas do concello participen en programas de actividades culturais, ambientais, deportivas e de tempo libre durante o período estival, contribuír a conciliación da vida familiar e laboral dos pais e nais traballadores e fomentar hábitos de vida saudables na infancia rianxeira, tense previsto a celebración da actividade Plan Madruga Verán Rianxo 2025, a desenvolver dende o 23 de xuño ao 29 de agosto.

O Servizo de Xuventude iniciou o expediente 2025/S012/000003 - Convocatoria de Actividades de Conciliación - XUV25_ PLAN MADRUGA VERÁN 2025, co fin de aprobar os prezos públicos dos participantes desta actividade.

Neste expediente consta informe da animadora cultural municipal, Uxía Cespón Ordóñez, con data 05 de maio de 2025, sobre o desenvolvemento do Campamento de Verán e previsión de gastos e ingresos.

Estando previsto un custe aproximado de 4.257,00 € euros (IVE incluído), estímase conveniente a cobertura parcial do mesmo mediante os ingresos derivados do establecemento dun prezo público pola prestación do servizo.

Tendo en conta as circunstancias de interese social e cultural concorrente nun servizo deste tipo, estímase razoable unhas cotas de matrícula por usuario para o campamento dos seguintes importes, tendo en conta os períodos de inscrición:

- Campamento completo: 40 euros por participante
- Campamento mes (xullo ou agosto): 20 euros participante.

Tamén se estima necesario aprobar a gratuidade de 6 prazas para nenos e nenas de familias derivadas do departamento de Servizos Sociais do Concello de Rianxo.

A documentación que consta no expediente é a que segue:

- Informe da animadora sociocultural, con data 05/05/2025.
- Informe de alcaldía sobre o interese social e cultural do servizo, con data 05/05/2025.

- Informe de tesourería sobre a aprobación do prezo público para Campamento de Verán 2025, con data 13/05/2024.

- Informe de intervención sobre a existencia de crédito para o Campamento de Verán 2025, con data 14/05/2024.

PROPOSTA DE ACORDO

1 Aprobar a urxencia da aprobación do asunto: prezos públicos para o servizo de conciliación Plan Madruga Verán 2025

2 Aprobar as seguintes cotas de matrícula, tendo en conta os períodos de inscrición:

- Campamento completo: 40 euros por participante
- Campamento mes (xullo ou agosto): 20 euros participante.

3 Establecer a gratuidade de 6 prazas para aquelas familias derivadas do departamento dos Servizos Sociais do Concello de Rianxo.

4 As condicións para a xestión recadadora do evento serán as que establece a normativa municipal sobre prezos públicos; en todo caso, o ingreso do prezo público polo usuario realizarase con carta de pago emitida pola Recadación municipal a partir dos datos emitidos polo departamento xestor unha vez pechado o período de pre-inscrición, e en todo caso sometidas ao criterio da Tesourería municipal.

5 Débese publicar o presente Acordo no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia a efectos do seu xeral coñecemento e efectos.

Sometida a votación a proposta anteriormente transcrita, a Xunta de Goberno Local, ACORDA por unanimidade dos 5 membros presentes, dos 6 que a constitúen, **APROBAR** dita proposta nos termos desta.

E para que conste, asino este certificado, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e prace da Alcaldía.

Rianxo, mércores 21 de maio de 2025

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Julián Bustelo Abuín